



PLAN DE TRABAJO ANO 2022

Pleno do Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓGICA DE GALICIA

Xacobeo 21-22



Edita: **Xunta de Galicia**

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: **Santiago de Compostela**

Ano: **2022**

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons 3.0 Spain Attribution/No Comercial.
Compartir baixo a mesma licencia dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sana/3.0/deed.gl>

ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución	4
Novidades destacadas para o 2022.....	7
Observacións xerais do OSIMGA. Estrutura	12
1.1 A Sociedade da Información nos fogares galegos	14
1.2 A Sociedade da Información nas empresas de Galicia	15
1.3 A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia.....	16
1.4 A Administración electrónica na Xunta de Galicia	18
1.5 A Administración electrónica nos Concellos de Galicia	19
Observacións de carácter temático.....	21
2.1 Estudos temáticos no ámbito da sociedade	21
2.2 Estudos temáticos no ámbito das empresas e do sector TIC	23
2.3 Estudos temáticos no ámbito da eAdministración:	26
2.4 Outras observacións específicas:.....	26
Observacións do Plan Galego de Estatística 2022-2026.....	29
3.1 A Sociedade da Información no Medio Rural	30
3.2 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia	30
3.3 Galicia dixital: o sector TIC en Galicia	30
3.4 Estatística sobre a administración dixital na Xunta de Galicia	31
3.5 Estatística da administración dixital nos concellos galegos	31
3.6 Colaboración na execución do Convenio Amtega - IGE - INE	31
Servizos de información.....	33
4.1 A web do OSIMGA.....	33
4.2 Pleno do OSIMGA 2022	33
4.3 Servizo de xestión e información.....	34
Colaboracións	36



Introdución

O programa anual de actividades do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) correspondente ao ano 2022 estrutúrase en torno a cinco eixos principais, dando continuidade ás liñas de actuación establecidas desde a súa creación e constituíndose nun modelo de xestión consolidado, transparente e áxil.

Liña 1: Observacións de carácter xeral

Liña 2: Observacións de carácter temático


Liña 3: Operacións no marco do V Plan Galego de Estatística 2022-2026

Liña 4: Servizo de Información

Liña 5: Colaboracións

Instrumento da Estratexia Galicia Dixital 2030

A [Estratexia Galicia Dixital 2030](#) apóiase no OSIMGA, como unidade que centraliza a actualización periódica dos valores dos indicadores relativos ao nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia e incluírá no seu plan de traballo novos proxectos ou estudos en liña relacionados cos eixos estratéxicos da EGD2030.



Este documento ten como obxectivo presentar o Plan de Traballo para o ano 2022 do Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia (OSIMGA), ofrecendo información detallada sobre as tarefas que van configurar o seu programa, coa finalidade de desenvolver as funcións que ten encomendadas no [Decreto 21/2010](#) do 4 de febreiro de 2010.

O OSIMGA, adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), configúrase como órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a modernización administrativa e a administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións públicas nestas materias, contribuíndo á promoción e á extensión da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.

Este programa anual de actividades recompila os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas

tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

A primeira e segunda liñas de actuacións comprenden todas as observacións do OSIMGA planificadas para o ano 2022, expoñendo os obxectivos, os aspectos metodolóxicos e os contidos das investigacións de carácter xeral e temático.

A terceira liña de actuación refírese aos proxectos e actividades a desenvolver neste período polo Observatorio no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026.

A cuarta liña de actuación recolle as actividades do OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando, como principal instrumento de difusión a web do OSIMGA.

Por último, na quinta liña de actuación abórdanse as colaboracións do OSIMGA con outros observatorios, organismos ou entidades para promover o intercambio de experiencias e información entre as distintas administracións.

Novidades destacadas para o 2022

Novos informes a desenvolver en base aos obxectivos e liñas estratéxicas da Estratexia Galicia Dixital 2030

Como novidades na próxima anualidades, en base á EGD2030, desenvolveranse as seguintes actuacións:



Liña estratéxica:

Sociedade Dixital e Inclusiva: Promover as competencias dixitais para non deixar ningúen atrás

Segundo informe sobre as Competencias Dixitais da cidadanía galega.

Finalidade:

Elaborar unha actualización do informe "Competencias Dixitais da poboación galega. Ano 2020", cos novos datos da anualidade 2021

Obxectivos:


Determinar as habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos.


Identificar o grao de habilidades dixitais e informáticas da poboación tendo en conta o perfil socio demográfico

Coñecer a situación de partida de cara e a progresión para analizar o cumprimento dos obxectivos, promover as competencias dixitais e a súa acreditación.

Fontes de Información:

Microdatos da enquisa sobre equipamento e uso das TIC nos fogares do INE





Liña estratéxica:
Sociedade Dixital e Inclusiva

Informe: Seniors Dixitais

Finalidade:

Este estudo enmárcase no obxectivo da EGD2030 "2.1 A Inclusión Dixital da sociedade".

Coa finalidade de acadar este obxectivo, analizarase, a partir de microdatos facilitados polo IGE procedentes da enquisa estrutural dos fogares, o nivel de uso das TIC por parte das persoas de máis de 74 anos.

Obxectivos:

Avaliar o grao de acceso aos recursos dixitais e o uso das tecnoloxías por parte das persoas de 75 ou máis anos.

Cóñecer o uso dos dispositivos electrónicos e determinar as habilidades dixitais da poboación galega de 75 ou máis anos.

Comprobar o nivel de equipamento dixital e conectividade nos fogares galegos onde residan persoas de 75 ou máis anos.

Fonte de Información:

En virtude do Convenio de Colaboración asinado entre o IGE e a Amtega, o IGE facilitará os microdatos da Enquisa estrutural a fogares – módulo tecnoloxía- correspondentes ás persoas de 75 ou máis anos de idade. Poderá complementarse con información do INE e doutros indicadores propios do OSIMGA.



Talento Dixital: "Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia". Nova Actualización

En xullo do ano 2021, publicouse a primeira edición do informe "Talento Dixital: Estudo da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia". Na próxima anualidade, desenvolverase unha actualización deste estudo.



XUNTA DE GALICIA

Liña estratéxica: EIXE TRANSVERSAL. ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA.

Talento Dixital: Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia. Nova Actualización

Obxectivos:

Coñecer a oferta de talento dixital en Galicia: a súa formación e a inserción laboral dos perfís STEM egresados de Galicia.

Caracterizar as condicións de traballo, roles profesionais, os sectores produtivos que empregan os perfís STEM así como a mobilidade e a retención de talento dixital.

Avaliar as eSkills dos perfís STEM, analizando a súa especialización, capacitación e habilidades específicas.

Describir cales son os perfís e necesidades formativas máis demandadas e a adecuación ás necesidades de transformación dixital actuais e futuras.



Análise das Tecnoloxías Disruptivas no sector TIC de Galicia

O OSIMGA seguirá a prestar especial atención na avaliación do grao de adopción das principais tecnoloxías disruptivas por parte do tecido empresarial TIC de Galicia. Así, no informe “Galicia Dixital: O sector TIC de Galicia” incluírase un dossier de indicadores específicos sobre o uso das principais tecnoloxías disruptivas e a incorporación de perfís especialistas nestes ámbitos. Este dossier complétase con outros indicadores de fontes secundarias.



***Liña estratéxica: EIXE TRANSVERSAL.
ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA.
Capacidades e infraestruturas dixitais en
tecnoloxías disruptivas***

***Análise das Tecnoloxías Disruptivas no sector
TIC de Galicia***

Obxectivos:

Identificar o grao de adopción da intelixencia artificial, aprendizaxe automático a través de big data, robots de servizo, chatbots,..

Coñecer a incorporación de perfís especializados no ámbito das tecnoloxías disruptivas.



1. OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL




Observacións xerais do OSIMGA. Estrutura

O Decreto 21/2010 atribúe ao OSIMGA, entre as súas funcións, as de desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan coñecer o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os problemas que poden afectar á extensión da dixitalización e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.

A finalidade destes estudos é contribuír á definición estratéxica das políticas públicas en materia de dixitalización da Administración a través da avaliación do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia e do seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030, ao mesmo tempo que se facilita este coñecemento ao conxunto da sociedade galega.

A seguinte figura resume as observacións planificadas polo OSIMGA para o ano 2022.



Estreita colaboración co IGE

Unha importante liña de traballo do OSIMGA é a colaboración establecida co Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á dixitalización nos fogares e nas empresas de Galicia, materializada a través dun convenio de colaboración entre ambas as dúas entidades.

Deste xeito evítase a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica no eido da Sociedade da Información.

Ámbito: Fogares

- ✓ *Integración de indicadores sobre tecnoloxías na "Enquisa estrutural a fogares"*
- ✓ *O estudo ten unha mostra de máis de 7.000 enquisas a fogares e máis de 16.000 persoas*

Esta colaboración permite a inclusión con periodicidade anual dun conxunto de indicadores relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos na "Enquisa estrutural a fogares" que realiza o IGE, o que evita duplicidades.

O estudo analiza a información subministrada por máis de 7.000 fogares e máis de 16.000 persoas de 16 a 74 anos e permite a desagregación dos datos por subconxuntos de idade, sexo, áreas xeográficas, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparada dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

Ámbito: Empresas

- ✓ *Datos específicos sobre comercio electrónico*
- ✓ *Ampliación significativa de datos relativos ás microempresas galegas*
- ✓ *Datos ad-hoc sobre empresas con sede fóra de Galicia pero con actividade na Comunidade galega*

O convenio tamén contempla a obtención, a través do IGE, de datos das empresas galegas respecto dos indicadores medidos polo INE na "Enquisa sobre o uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas", con información ampliada respecto a Galicia e tamén respecto ás empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade galega. Permite tamén o acceso a unha ampliación de datos de comercio electrónico e indicadores sobre microempresas, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente publica o INE.

Esta información permitirá actualizar anualmente o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026 da Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación, descríbense os obxectivos, aspectos metodolóxicos e características de cada unha destas observacións xerais do OSIMGA.

1.1 A Sociedade da Información nos fogares galegos

✓ Convenio co IGE: integración dunha selección de indicadores na “Enquisa estrutural a fogares”

✓ O estudo en Galicia que proporciona os datos coa maior desagregación territorial.

Obxectivo

A información relativa á dixitalización nos fogares recóllese na Enquisa Estrutural a Fogares que realiza o Instituto Galego de Estatística anualmente e que se inclúe en virtude do acordo de colaboración entre este organismo e a Amtega.

Aspectos metodolóxicos

A sinatura do convenio entre a Amtega e o IGE permitiu incluír anualmente un conxunto de indicadores sobre a dixitalización na “Enquisa estrutural a fogares” que realiza o IGE. Así, para a elaboración do seu Diagnóstico, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia, considerará os microdatos procedentes do IGE e realizará o seu procesamento estatístico.

É o estudo en Galicia que, en virtude da ampla base mostral, proporciona datos coa maior desagregación territorial, ofrecendo información:

- A nivel provincial.
- Intervalos de habitantes dos concellos.
- Áreas macrocomarcales.
- Datos para os sete concellos galegos con maior poboación.

Ademais, a enquisa aportará datos desagregados por: subconxuntos de idade, sexo, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as e estudantes, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

Contido da investigación

A enquisa analizará o equipamento tecnolóxico dos fogares galegos, a conexión a Internet contratada e o uso das TIC e da administración electrónica da poboación galega.



1.2 A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

✓ *Convenio Amtega – IGE - INE:*

✓ *Único diagnóstico empresarial en Galicia que inclúe os datos oficiais relativos ao comercio electrónico.*

✓ *O maior número de indicadores relativos ás microempresas galegas.*

✓ *Información das empresas multilocalizadas, con actividade en Galicia aínda que con sede fóra da Comunidade galega.*

Obxectivo

No próximo ano o OSIMGA publicará unha nova edición do diagnóstico “A Sociedade da información nas empresas de Galicia”, que ten como principal obxectivo analizar a implantación e o uso das TIC e do comercio electrónico no segmento das medianas e grandes empresas de Galicia, así como no das microempresas.

O carácter estratéxico deste estudo reside na posibilidade de avaliar a fenda dixital existente entre as microempresas e as empresas de 10 e máis traballadores/as coa finalidade de impulsar actuacións específicas nas microempresas, que representan o 95% do tecido empresarial galego.

Aspectos metodolóxicos

A sinatura do convenio entre a Amtega, o IGE e o INE permite que os datos que se inclúan no informe do OSIMGA procedan da “Enquisa sobre o uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas”, que realiza o INE, e que son transferidos ao OSIMGA a través do IGE.

Ademais, en virtude deste convenio, amplíase significativamente a información publicada polo INE, facilitando *ad hoc* os datos oficiais para Galicia relativos a:

- Comercio electrónico.
- Datos relativos a empresas multilocalizadas, con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Autónoma Galega.
- O maior número de indicadores relativos ás microempresas galegas.

Contido da investigación

A enquisa analizará o equipamento tecnolóxico e os servizos relacionados coa Sociedade da Información, tecnoloxías disruptivas, os usos empresariais en materia de comercio electrónico, os sistemas TIC para compartir información electronicamente con provedores e clientes, actividades formativas relacionadas coas TIC, a contratación de persoal especialista en TIC e as novas tendencias tecnolóxicas. Ademais, inclúe novos e incipientes indicadores como o uso da big data, Intelixencia Artificial e Internet das Cousas entre outras..



1.3 A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

✓ *Enquisa oficial de referencia do sector TIC, incluída no Plan Galego de Estatística 2022-2026 e nos seus Programas Anuais.*

✓ *No ano 2022, incluíranse de novo indicadores sobre Tecnoloxías Disruptivas: big data, robótica, ciberseguridade, Intelixencia Artificial e Internet das Cousas, entre outros.*

✓ *Enquisa de referencia do sector TIC, que proporciona información sobre:*

- *Emprego.*
- *Volume de negocio.*
- *Persoal desde a perspectiva de xénero.*
- *Innovación Tecnolóxica.*
- *Formación.*
- *Comercio electrónico ...*

Obxectivo

O OSIMGA abordará no ano 2022 unha nova edición da enquisa, consolidándose como unha fonte de información de referencia do sector TIC galego.

Trátase da enquisa oficial incluída na no Plan Galego de Estatística 2022-2026, o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia e nos seus Programas Anuais, dado que se trata dun dos sectores considerados estratéxicos para o desenvolvemento de Galicia.

Este estudo ten como principal obxectivo caracterizar o sector empresarial das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións en Galicia, presentando resultados de demografía empresarial, emprego e a súa relación co xénero nas empresas TIC así como indicadores relativos ao equipamento e uso das TIC, a evolución do negocio, innovación, uso de ferramentas informáticas, comercio electrónico e un amplo espectro de temáticas. Na enquisa inclúese tamén un módulo específico sobre a dispoñibilidade e uso de aplicacións e sistemas operativos de Software Libre.

Aspectos metodolóxicos

A efectos estatísticos, a definición do sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores). Para determinar a lista de actividades, partiuse dos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e a Oficina Europea de Estatística (Eurostat) co fin de definir os conceptos e harmonizar a metodoloxía.

LISTADO DE ACTIVIDADES DO SECTOR TIC CNAE 2009

- Industrias manufactureiras TIC: 26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40 e 26.80
- Industrias Comerciais TIC: 46.51 e 46.52
- Industrias de Servizos TIC:
 - Actividades de publicación TIC: 58.21 e 58.29
 - Telecomunicacións: 61.10, 61.20, 61.30 e 61.90
 - Actividades da Tecnoloxía da Información e do Servizo Informático: 62.01, 62.02, 62.03 e 62.09
 - Portais web, procesamento de datos, aloxamento e actividades relacionadas: 63.11 e 63.12
 - Reparación de ordenadores e equipos de comunicación: 95.11 e 95.12.

As unidades obxecto de investigación son todas as empresas con establecementos en Galicia, cuxa actividade principal corresponda aos epígrafes CNAE anteriormente definidos para o Sector TIC. O deseño da enquisa permitirá unha observación diferenciada por número de empregados/as, provincias e grupos de actividade en base á CNAE 2009.

A metodoloxía da Enquisa ás empresas TIC baséase na remisión postal do cuestionario correspondente xunto co material que avala a recollida de información. Os procedementos para a participación son múltiples, aínda que se incentiva a participación vía web a partires dunha aplicación habilitada a tal efecto.

Contido da investigación

Este estudo proporcionará información sobre o número de empresas, as cifras de negocio dos últimos tres anos e o persoal empregado no sector TIC.

Ademais, analizarase o equipamento e servizos especializados das empresas TIC en materia tecnolóxica, o seu grao de innovación, o uso do comercio electrónico, actividades formativas relacionadas coas tecnoloxías ou servizos da Sociedade de Información, así como a percepción estratéxica do sector e as perspectivas de mercado.

Este informe inclúe un módulo específico sobre o uso e a oferta de produtos de Software libre por parte das empresas proveedoras, consolidando unha serie temporal estable na análise do Software libre en Galicia.

Como cada ano, en 2022 actualízase o cuestionario para dar conta das novas Tecnoloxías Disruptivas, realizar un análise específico sobre o persoal con titulación STEM e obter resultados ampliados e precisos sobre ciberseguridade.



1.4 A Administración electrónica na Xunta de Galicia

- *Integrada no Plan Estatístico da Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Elaborarase un informe específico na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Adicionalmente, no marco de colaboración co Observatorio de Administración electrónica do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital proporcionaranse datos para a elaboración do informe estatal sobre administración electrónica do ano 2022*

Obxectivo

Esta nova edición do estudo ten por obxecto coñecer a implantación e evolución da administración electrónica na Xunta de Galicia. O estudo avaliará o nivel de interacción dos servizos e trámites proporcionados pola Administración Autonómica á cidadanía e ás empresas.

Adicionalmente, proporcionaranse datos para cumprimentar a enquisa sobre a Administración Electrónica que levan a cabo as Comunidades Autónomas e o *Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital*.

A información relativa á eAdministración na Xunta de Galicia obtense de forma directa a través dos rexistros de datos internos.

Contido da investigación

Esta estatística proporciona información sobre a administración electrónica da Xunta, o goberno electrónico, a prestación de servizos públicos a través das TIC e sobre os mecanismos da democracia electrónica que permiten a participación da cidadanía na toma de decisións.



1.5 A Administración electrónica nos Concellos de Galicia

- ✓ *Integrada no V Plan Estatístico da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- ✓ *O OSIMGA recompilará información sobre: grao de implantación e a evolución da eAdministración nos concellos de Galicia.*
- ✓ *Inclúe un módulo específico sobre o software libre*

Obxectivo

O OSIMGA publicará no ano 2022 unha nova edición deste Diagnóstico, que ten por obxectivo coñecer o grao de implantación e a evolución da administración electrónica nos concellos de Galicia, permitindo unha axeitada toma de decisións para iniciar os procedementos de mellora necesarios nestas entidades.

A enquisa realízase en colaboración coa Oficina Técnica eConcellos a través dunha plataforma en liña para a cobertura da enquisa.

Aspectos metodolóxicos

As unidades obxecto de estudo desta enquisa son todos os concellos de Galicia. Os resultados ofrecerase desagregados por número de habitantes do concello e por provincia.

Esta enquisa tamén inclúe un módulo sobre o uso do software libre nos concellos de Galicia.

Esta enquisa realízase cada dous anos. No ano 2022 prevese a publicación do informe cos resultados desta operación estatística.

Contido da investigación

Este estudo proporcionará información sobre a dispoñibilidade de infraestruturas, o nivel de implantación do software, a prestación de servizos públicos relacionados coa eAdministración e as canles de comunicación para facilitar a participación da cidadanía a través de medios electrónicos.



2. OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER TEMÁTICO



Observacións de carácter temático

Outra das funcións do OSIMGA é a de promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica. Estas observacións temáticas teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboraranse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, ou ben a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector ou tema de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación.

2.1 Estudos temáticos no ámbito da sociedade


Competencias Dixitais da Poboación galega



Na próxima anualidade desenvolverase unha nova edición deste informe para determinar as habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos e a súa evolución.

A información provén da explotación dos datos da Enquisa sobre equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares (INE)

Especial atención aos indicadores dende unha perspectiva de xénero



Ter presente a perspectiva de xénero é unha constante transversal nos estudos e informes do OSIMGA, observándose que constitúe un factor que incide na penetración e no uso das TIC na sociedade galega.

Este informe enmárcase dentro das actuacións previstas no Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A Sociedade da Información no Medio Rural



No ano 2016 publicáronse por primeira vez os datos relativos á Sociedade da Información no Rural. O Plan de Traballo para o ano 2022 contempla a elaboración dunha nova edición do estudo sobre a implantación e uso das tecnoloxías da información e a comunicación desde un punto de vista territorial, con especial foco nas áreas rurais.

Este proxecto, que se desenvolverá a través de datos facilitados polo IGE, tamén terá como obxectivo avanzar no desenvolvemento da referenciación territorial da información estatística e na homoxeneización da desagregación territorial.

Seniors Dixitais




Este informe ten como obxectivo avaliar o grao de acceso aos recursos dixitais e o uso das tecnoloxías por parte das persoas de 75 ou máis anos.

En virtude do Convenio de Colaboración asinado entre o IGE e a Amtega, o IGE facilitará os microdatos da Enquisa estrutural a fogares – módulo tecnoloxía- correspondentes ás persoas de 75 ou máis anos de idade. Poderá complementarse con información do INE e doutros indicadores propios de OSIMGA.



2.2 Estudos temáticos no ámbito das empresas e do sector TIC



Seguimento e análise específica das tecnoloxías disruptivas no sector TIC en Galicia

No 2022 darase continuidade ao seguimento e análise específica das tecnoloxías disruptivas no sector TIC en Galicia co obxectivo principal de identificar o grao de adopción da Intelixencia Artificial, aprendizaxe automático a través do Big Data, robots de servizo, Chatbots, Cloud computing, etc.



O software libre no sector TIC

A nova edición deste estudo ten por obxecto coñecer a implantación e uso do Software Libre nas empresas TIC de Galicia desde unha dobre vertente:

- A implantación e uso do Software Libre nas empresas.
- A oferta de produtos e servizos de Software Libre das empresas TIC.

Trátase dun estudo consolidado que permite dispoñer dunha ampla comparativa e evolución dos principais indicadores de Software Libre nas empresas TIC galegas.

Caracterización do Hipersector TIC



O informe do Hipersector TIC en Galicia mostra o peso deste sector na economía galega, a través da análise dos principais parámetros sobre o sector TIC e o sector dos Contidos dixitais.

O estudo incluírá unha caracterización da demografía empresarial do Hipersector TIC, a evolución do emprego e a súa

distribución territorial, así como a contribución e peso do Hipersector TIC na economía galega.

Este informe presentará tamén os indicadores de comercio exterior no Hipersector TIC, relativos ás importacións e exportacións na balanza comercial. Ademais, ofrecerá unha perspectiva xeral da innovación tecnolóxica nas empresas galegas e facilitará información sobre as patentes e marcas desenvolvidas en Galicia nos últimos catro anos.


As mulleres no sector TIC



No marco da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia darase continuidade aos estudos temáticos que contribúan ao coñecemento da situación das mulleres na era dixital, detectando posibles desequilibrios.

En concreto, avaliarase a presenza de mulleres nos sectores tecnolóxicos, así como o as funcións que desenvolven relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación no sector empresarial das TIC.

Os autónomos e a Sociedade da Información



Os traballadores autónomos constitúen unha fórmula xurídica que, polo seu peso no conxunto da actividade en Galicia, é estudada de modo independente.

No ano 2022 volverase a realizar este estudo, sumándose a unha significativa serie temporal deste colectivo.

Talento Dixital:

Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia



En xullo do ano 2021, publicouse a primeira edición do informe “**Talento Dixital: Estudo da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia**”.

Na próxima anualidade, desenvolverase unha actualización deste estudo, que ten como obxectivo coñecer a oferta de talento dixital en Galicia: a súa formación e a inserción laboral dos perfís STEM egresados de Galicia.



2.3 Estudos temáticos no ámbito da eAdministración:

Informe CAE: Administración electrónica nas Comunidades Autónomas



O OSIMGA continúa a colaboración co "Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas", dependente do *Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital*, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

No ano 2022, o Osimga, achegará a información de Galicia nun formato estandarizado e aliñado para todas as comunidades autónomas españolas que reflexe o grao de avance da Transformación Dixital e da eAdministración.

2.4 Outras observacións específicas:

Informe Telefónica: Autodiagnose sobre a Sociedade da Información en Galicia

No marco de colaboración que o Observatorio ven desenvolvendo coa Fundación Telefónica, durante 2022 o OSIMGA realizará un informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia para incorporar ao informe que Telefónica realiza anualmente "*Sociedad Digital en España*" contendo información das distintas Comunidades Autónomas. Este exercicio de autodiagnose incluírá os principais indicadores e unha descrición da realidade dixital de Galicia.

Indicadores de contorno para a Estratexia Galicia Dixital 2030

O OSIMGA proporcionará os indicadores estatísticos sobre a Sociedade da Información na poboación, empresas, sector TIC e e-administración autonómica de Galicia que contextualizarán o balance anual da Estratexia Galicia Dixital 2030.



3. OPERACIÓNS NO MARCO DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2022-2026



Observacións do Plan Galego de Estatística 2022-2026

No marco do Plan Galego de Estatística 2022-2026 e nos seus Programas Estatísticos Anuais, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, é a responsable da realización de seis operacións e actividades estatísticas:

4106-01-AE05 A Sociedade da Información no medio rural.

4101-02-OE05 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

4102-01-OE05 Enquisa ás Empresas TIC de Galicia.

4103-01--OE05 Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia

4103-02--OE05 Estatística da administración electrónica nos Concellos de Galicia

4102-02-AE05 Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.

Isto tradúcese nun aval para os traballos do OSIMGA, que garante unha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos, a exactitude e fiabilidade da información a divulgar e a precisión e coñecemento dos indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia.

No ano 2022 prevense acadar os seguintes estados nas operacións e actividades estatísticas que a continuación se detallan:

Observacións e actividades estatísticas

Código	Operación/actividade estatística	Estado
4106-01-AE06	A Sociedade da Información no medio rural	Actividade estatística
4101-02-OE06	Galicia Dixital: sistema de indicadores	En curso
4102-01-OE06	Galicia Dixital: o sector TIC en Galicia	En curso
4103-01-OE06	Estatística sobre a administración dixital na Xunta de Galicia	En curso
4103-02-OE06	Estatística da administración dixital nos concellos galegos	En curso
4102-02-AE06	Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia	Actividade estatística consolidada

Para o cumprimento dos compromisos asumidos nos respectivos proxectos técnicos das actividades e operacións estatísticas, o Observatorio realizará as seguintes tarefas:

3.1 A Sociedade da Información no Medio Rural



Abórdase esta meta, ofrecendo información sobre a implantación e uso das tecnoloxías da información e a comunicación desde un punto de vista territorial, con especial foco nas áreas rurais.


Este proxecto tamén permitirá avanzar no desenvolvemento da referenciación territorial da información estatística e na homoxeneización da desagregación territorial das actividades realizadas.

3.2 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia



No ano 2022 o OSIMGA publicará unha nova edición do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, instrumento fundamental para a avaliación da evolución nos diferentes ámbitos, e que poderá consultarse na web do OSIMGA.

3.3 Galicia dixital: o sector TIC en Galicia



O OSIMGA realizará no ano 2022 a enquisa ás empresas TIC galegas, conforme aos criterios enunciados no seu proxecto técnico.

Os resultados principais do diagnóstico publícanse no segundo semestre do ano, e onde se recolle información para outras publicacións monográficas e específicas

que se distribúen ao longo do ano.

3.4 Estatística sobre a administración dixital na Xunta de Galicia



No ano 2022, executarase o proxecto que mide a evolución da Sociedade da Información na administración autonómica.

3.5 Estatística da administración dixital nos concellos galegos

No ano 2022 publicarase unha nova edición da enquisa "A administración electrónica nos Concellos de Galicia.

3.6 Colaboración na execución do Convenio Amtega - IGE - INE

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) asinaron un convenio para optimizar a recollida de información dos datos relativos á Sociedade da Información na poboación de Galicia mediante a integración dos indicadores relativos á Sociedade da Información na poboación de Galicia na "Enquisa Estrutural a Fogares" que realiza o Instituto Galego de Estatística.

Neste convenio, recóllese o compromiso da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA, de colaborar co IGE na definición dos indicadores incluídos no cuestionario.



Ademais, producirase a transferencia de datos sobre o uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas galegas, procedentes do INE e explotados estatisticamente polo IGE.

Esta colaboración permitirá continuar actualizando o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia nos ámbitos da poboación e empresas con carácter anual.



4. SERVICIOS DE INFORMACIÓN



Servizos de información

O decreto 21/2010 define ao OSIMGA coma órgano asesor e sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

En cumprimento das funcións específicas, para o ano 2022 está previsto continuar a actualización da información sobre o nivel de desenvolvemento da dixitalización en Galicia a través dos dispositivos de información e vixilancia que ofrece o OSIMGA.

4.1 A web do OSIMGA



A web do OSIMGA é a principal ferramenta de difusión pública do Observatorio e unha referencia no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

A través da súa web, o OSIMGA facilitará unha selección de noticias de actualidade, eventos, enlaces con outras fontes de información ou observatorios.

O portal do OSIMGA tamén permite acceder, dun xeito sinxelo, a unha escolma actualizada dos estudos e informes estatísticos de referencia de ámbito galego, estatal, europeo e internacional.

No ano 2022 realizarase unha actualización constante e dinamizaranse os seus contidos a través da inclusión periódica de infografías con informacións divulgativas puntuais de actualidade das TICs en Galicia.

Boletín Osimga

A web do Osimga permite a subscripción ao boletín trimestral do Osimga, que presenta unha selección dos principais contidos publicados na web.

4.2 Pleno do OSIMGA 2022

En cumprimento do Decreto 21/2010 do 4 de febreiro de 2010 de creación, que foi modificado polo Decreto 57/2013 do 11 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia do 12 de abril do 2013, o Pleno do OSIMGA manterá, como mínimo, unha reunión anual de carácter ordinario para aprobar o plan de traballo anual do Observatorio.



4.3 Servizo de xestión e información

O OSIMGA facilita os datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia. Para iso, ademais de elaborar e presentar publicamente informes, realizará no ano 2022 as seguintes tarefas:

- Atender á demanda de información concreta sobre a Sociedade da Información en Galicia, achegando os datos precisos para cubrir as necesidades da administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.
- Actualizar un conxunto de indicadores que permitan monitorizar a evolución das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Promover a colaboración e cooperación con outros observatorios estatais, autonómicos e europeos para contrastar indicadores, compartir boas prácticas e establecer sinerxias de actuación.
- Xestionar e difundir o seu fondo documental en materia da Sociedade da Información.



5. COLABORACIÓN



Colaboracións

O OSIMGA conta entre as súas funcións coa de promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades. Durante o ano 2022, continuará a colaboración establecida con:

Colaboración co Instituto Galego de Estatística

A colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) comprenderá todas as actividades e compromisos establecidos no “Convenio de colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da Sociedade da Información: fogares e empresas”.

Ademais, existirá colaboración no relativo ás operacións e actividades que se realizan no marco do Plan Galego de Estatística 2022-2026, xa descritas no terceiro capítulo desta planificación.

O IGE tamén proporcionará ao Observatorio información estatística relativa ás afiliacións á Seguridade Social do sector TIC e valor engadido xerado polo sector TIC.

Colaboración co Instituto Nacional de Estatística (a través do IGE)

A través do IGE e en virtude do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE, facilítase ao OSIMGA unha ampliación *ad hoc* de datos de comercio electrónico e microempresas así como datos das empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade.

Ademais, facilítase ao OSIMGA unha maior desagregación de variables, especialmente no referido a microempresas, que permite analizar polo miúdo o tecido empresarial galego.

Colaboración co Observatorio da eAdministración das CCAA.

O OSIMGA dará continuidade á colaboración co grupo de traballo “Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas”, creado no marco do Comité Sectorial de Administración Electrónica, dependente do *Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital*.

No ano 2022 publicarase un novo informe, incorporando indicadores que reflexen o grao de avance da Transformación Dixital nas Comunidades Autónomas. En definitiva, trátase de elaborar un informe útil para a sociedade, os profesionais e as

propias CCAA.

No grupo participan todas as Comunidades Autónomas e o *Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital*.

Colaboración coa Fundación Telefónica

O OSIMGA realiza anualmente o informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia, recompilando os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Este estudo intégrase no informe "La Sociedad Digital", da Fundación Telefónica.

Colaboración coa Unidade de Muller e Ciencia

O OSIMGA dará continuidade en 2022 á colaboración establecida coa Unidade de Muller e Ciencia, da cal forma parte a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Esta cooperación consiste na realización de informes específicos sobre a situación das mulleres tecnólogas en Galicia e nun seguimento específico dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, así como na recollida dos datos significativos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC.

Colaboración con OBSAE

O OSIMGA seguirá a colaborar co "Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas", dependente do Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

Achegas de datos para o seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030

O OSIMGA seguirá a proporcionar datos para o seguimento do cadro de mando da EGD 2030, a folla de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, que son incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

GIASTECH

O OSIMGA facilita os principais datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial. O OSIMGA continuará coa colaboración con GIASTECH, facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

VOLDIX

O OSIMGA facilita os principais datos sobre a fenda dixital existente cos principais colectivos en risco de exclusión, atendendo á demanda de información do proxecto “Voluntariado Dixital de Galicia” (VOLDIX). O OSIMGA prestou especial atención ao seguimento dos indicadores desagregados por idade, xénero e hábitat para detectar posibles colectivos en risco de exclusión

Plan eConcellos

Na anualidade próxima, en colaboración con eConcellos, realízase o análise estatístico e difusión de resultados da estatística da administración dixital nos concellos galegos.

Achega de información para o Plan de Inclusión Dixital

O OSIMGA atende ás demandas de información do Plan de Inclusión Dixital de Galicia. A través deste Plan establécese un modelo global e universal de inclusión dixital, cunha maior capilaridade no territorio e no que participarán os axentes coñecedores da realidade da comunidade

Achega de datos e indicadores para atender a demanda de información

O OSIMGA facilita periodicamente información e indicadores sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia para a súa difusión en eventos ou foros, analiza as noticias de actualidade e da resposta ás consultas recibidas a través da web do OSIMGA.

.

